


ANO XIII • Nº 401

Do 10 ó 23 de xaneiro de 1993

Vinte pesos



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS



¿De quen é o ano este?

Xa estamos no 93

Así paseniño, como quen non quere a cousa, sen tanto barullo coma co seu predecesor, o Hispano-92, entramos no Galaico-93. E todos nos preguntamos ¿que nos traerá o Xacobeo no seu fardelo?

En principio, os tempos son de recesión, ou marcha atrás. O capitalismo mundial atravesará unha das súas crises cíclicas e o Estado español, cos fondos públicos baixo mínimos, non estaba no mellor momento para afrontala: disparárase o déficit cos gastos dispendiosos que rodearon o V centenario, incluído o famoso tren, que digámolo con retranca, resulta tan útil para ir da capital ó "cortijo", eso si a altísima velocidade, nunha *ave-maría*.

A eso hai que engadi-lo gran esforzo no que estamos xa metidos, especialmente as clases traballadoras é as áreas menos desenvoltas do Estado, para entrar nesa soñada Europa de baixa inflación, pouco déficit, moeda forte e estabilidade económica case aseguradas, pero na que ningún garante traballo para todos, calidade nos servizos públicos e igualdade e participación social, e rexional.

Os galegos empezamos a desconfiar abertamente deses paraísos que sempre deixan valores fundamentais coma a solidariedade, a igualdade e o equilibrio ecolóxico coma apéndice, "protocolos adicionais" que nunca chega a hora de cumprir. Pero curiosamente esas circunstancias difíciles quizais nos fan confiar cada vez máis nas nosas propias forzas. A desfeita en boa parte do noso agro, a crise na pesca, o desmantelamento do máis avanzado da nosa industria coma a siderurxia e a construción naval, serven para aguillo-la nosa creatividade.

A Galicia do 93 é máis periférica, máis marxinal na Europa na que se integra, pero confía máis en si mesma. Poida que esta Galicia viva un importante momento de toma de conciencia nas posibilidades de seu. Hai unha nova xeración que vai tomando o relevo en moitos sectores, unha xeración moito menos marcada polo sentimento de inferioridade. Hai un tecido social, sindical, veciñal, cada vez máis maduro. Neste ano electoral disque hai perspectivas de crecemento de forzas políticas netamente galegas. Nesta Galicia que se abre hai empresas punteiras, iniciativas culturais de interese e unha crecente actividade editorial. Nesta Galicia xacobeana unha minoría da Igrexa acolle realidades encarnadas na cultura propia deste País.

Galicia este ano ten un pouco máis de sitio no mundo. Un mundo cada vez máis preocupante, porque son profundas as feridas que o atravesan e as súas doenzas van a peor. Feridas de opresión ás minorías étnicas e nacionais, de países empobrecidos e nenos esfameados, de desfeita ecolóxica,...

Que a nosa modesta influencia, sen deixar de ser nós mesmos, sexa para ben. Sería fermoso que a mensaxe desta vella nación no seu ano xacobeo ós pobos do mundo fose a de reforza-lo diálogo, o respecto á identidade e ós dereitos dos demais e a prioridade do reparto sobre a acumulación duns poucos.

Que no 93 Galicia se descubra a si mesma para encontrarse cos outros.

Daniel López Muñoz

Botar terra sobre o petróleo

Fun a Mugardos e mirei e cheirei o mar morto.

Ese día no Ferrol manifestábanse as xentes da ría. Un par de días antes El-Rei mandaba un saúdo ós afectados. Parecen as derradeiras sacudidas dun sucedido arrepiante, pero xa "pasado", fóra da efémera actualidade que ocupa portadas e titulares.

O "enterramento" do petróleo no sochán do esquecemento empezou o mesmo día dos feitos. Autoridades e expertos empeñábanse febrilmente en quitarlle ferro ó asunto, a pesar das tremebundas imaxes. Houbo un responsable que veu dicir: "Tranquilos todos, que hai dúas boas noticias: 1ª) podía ser peor; 2ª) ninguén morreu". O ilustre alcalde coruñés, indisimuladamente satisfeito pola dirección do vento, facía unha proclama cun aquel de Mario Pito contra o francés: "coruñeses: saldremos adelante, peores las hemos pasado". E don Manuel, o noso gaiteiro maior, terminaba por devolvérno-lo acougo: "paisanos todos que me escoitades: *no problema*, bañareime no Perbes petroleado coma antano me bañei no radiactivo Palomares". Despois, uns cartiños para pescadores e mariscadores, que recibirán co debido retraso, e... a por outra.

A un gustaríalle oír nestas situacións a algún responsable

unha análise seria e sentida, unha reflexión á altura deste enésimo atentado mortal contra a vida. A un gustaríalle que se deixasen de frivolidades sobre se nos poderemos bañar só ata "sálva-las partes" ou de corpo enteiro, ou se "nós desta libramos e sarna para os demais". A un gustaríalle oír unha verdade evidente: que as rías son, eran, a nosa maior riqueza natural, única no planeta, preciosísima reserva, capital propio que nos pode, nos podería dar mantenza e liberdade fronte a tanta limitación e imposición en caladoiros alleos; que as rías son, eran, a nosa herdade, o máis orixinal dos ecosistemas galegos, un patrimonio que transmitir ós nosos fillos, san e vizoso, coma o idioma da terra, coma as súas carballeiras enmeigadas, coma o pórtico da gloria.

E sería ben facerlles ás nosas rías unha festa morriñosa. E contarlles a nenos e nenas cómo noutrora convivían nelas, en maravilloso equilibrio, a nécora e o centolo, sempre axexados polo polbo larpeiro; as bandadas de incontables xoubiñas, precioso alimento de xardas, agullas e robalos; o señor rodaballo, rei dos fondos; e os incontables panchos e fanecas facéndolle-las beiras ás bateas do mexillón.

IRIMIA

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA.

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Teléfono 58 5330.

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao, Mariano Guizán, Luciano Pena, Beatriz García, Xabier Losada, Manolo Regal, Severino Gestoso, Manoli Paz Baña.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela. Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición: 2.000 pts. De apoio: 3.000 pts.

CONTA: Caixa de Aforros de Galicia, CC/304-316-001.073-1 Urbana nº 2 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

Encontros que dan vida

En teoría todos estamos de acordo en que iso de comparti-la vida e a fe é cousa importante. Pero o certo é que poucas veces compartímo-la vida, e menos veces aínda compartímo-la fe. Por iso ten especial mérito o esforzo que están facendo dúas comunidades cristiás, unha urbana, de A Coruña, e outra rural, de Candia, Abadín, por visitarse mutuamente, contarse as súas vidas e animarse coa súa fe.

Unha pequeniña historia

Hai cousa de tres anos a comunidade "Home Novo" de A Coruña acorda ir visita-la comunidade da parroquia de Candia, en Abadín. E así o fai. Un autobús de xente animosa se traslada a aquela aldea da Terra Cha luguesa e comparte cos veciños da parroquia unha xornada de acollida, de oración, de comunicación de vida e de experiencias, de festa e de xantar.

Un día chuviñento obriga a converterte-la igrexa mesma nun local multiuso; posiblemente foi unha das veces da súa existencia coma tal igrexa en que máis chea se viu de vida, de fe, de humor e de esperanza.


Posteriormente a comunidade de Candia trasládase á Coruña, e comparte tamén coa comunidade "Home Novo" e achegados outro día de ampla celebración cristiá. Estábase dando algo moi interesante. Estábase cosendo a ruptura entre xente urbana e xente rural que de vello existe na nosa sociedade, e o fío co que se cosía a tal ruptura era o fío da fe.

Por último, hai cousa dun mes, o 13 de decembro, festa de Santa Lucía, os amigos coruñeses repiten a súa visita a Candia, e o día convértese, a pesar do mal tempo, nunha xornada de moita alegría baseada na experiencia de compartir sinxelo e real.

Unha pequeniña reflexión

Posiblemente un encontro destes significa máis para unha comunidade cal-

quera ca moitos actos ou celebracións ou misas vividas coa normal rutina. Se tanto é o ánimo, a ilusión, a forza que producen estes momentos, ¿por que non os repetimos máis, como práctica habitual, na vida das comunidades cristiás? ¿Pode haber algo máis guapo e máis santo ca iso de que uns cristiáns visiten a outros cristiáns, e se contan as súas loitas, os seus problemas, as súas esperanzas, e tezan así entre eles uns lazos que nin a diferenza de cultura, de traballo, de forma de vida poden romper?



Comparti-la vida e a fe crea ánimo e ledicia sempre.

ECOLOXÍA

Once ideas para facerte amigo do río

1. Nunca bóte-lo lixo no río.
2. Denuncia os vertidos directos e indirectos que empresas particulares, institucións... fan cara ó río.
3. Evita lava-los tanques de "purín" no río.
4. Non empregues deterxentes con fosfatos, nin produtos de limpeza agresivos.
5. Propón no teu concello, casa, colexio... a instalación de depuradoras.
6. Oponte á construción de encoros e mini-centrais, esixe sempre un estudo claro de impacto ambiental.
- 7.- Ten moito coidado con residuos perigosos: pilas, alcalinas, residuos hospitalarios, baterías, aceites... evita consumilos e, por suposto, tiralos.
8. Evita a erosión en zonas de ribeira, plantas árbores autóctonas a carón do río para fixa-lo terreo.
9. Frea no posible o abuso de fertilizantes e menciñas nas zonas agrícolas e vinícolas ribeireñas.
10. Aforra auga no posible, é un recurso valioso e escaso.
11. Ten sempre presente que o río é coma as túas veas, polas que circula o sangue. Se el enferma, ti tamén. Reivindica pois un río, un entorno limpo ante o concello, veciños, insitucións...




Anxo Moure (Xevale)



MOVIDA NAS ONDAS pois a partir deste ano máis de vinte concellos xa poden artellar emisoras locais. A xunta pensa que paga a pena apoiar economicamente estes medios, que algúns tamén axudarán a gañar votos. Antena 3 tamén se move en Galicia; agora que está na órbita da SER vai converter varias emisoras Radio Minuto e Radio Oitenta noutras tantas Antena 3, alí onde

non existen coma tales, converténdose na rede máis importante de Galicia. Estes os programas queren aterrar algo máis no país, e así anuncia unha hora cada xornada con Barreiro Rivas.



OS ESTALEIROS seguen á deriva. Cosntruccións Navais Santo Domingo anda buscando avais para poder construír catro barcos.... Paulino Freire nin ten contratos nin ten cartos... E ¡que dicir Astano, que vai coñecer unha nova regulación de emprego que afectará a mil cento trinta obreiros a partir deste mes de xaneiro, dos mil oitocentos con que conta! Astano tampouco tivo ningún contrato nos últimos meses.



ALGO SE MOVE NO NACIONALISMO nestes días de xaneiro. O partido Inzar (antigo Movemento Comunista e a Liga Comunista Revolucionaria, que tanto traballaron prá volta da democracia neste Estado) busca integrarse no BNG. Por outra banda, o sindicato CXTG-CIG no seu terceiro congreso (15-17 de xaneiro)

aprobará a súa integración na Convergencia Intersindical Galega. Na fotografía Fernando Acuña, que é Secretario da CXTG.

OUTRAS CELEBRACIÓNS, que por ser máis locais, non deixan de ter a súa importancia, coma os veciños de O Couto-Ponteceso, que inauguraron ó cumprir dez anos, a Casa dos Veciños. O ano de Eduardo Blanco Amor, o gran escritor galego da Esmorga e de moitos anos de emigración.



Vento en popa, a media vela

IRIMIA

Irimia segue avanzando, voga que voga. Empezou o ano de super-Galicia e seguimos a frote con máis folgos.

Porque nas renovacións de subscritores xa houbo 120 que se apuntaron á cota que cobre o custo real (3000 pts/ano) e 13, o número da boa sorte, que se fixeron subscritores de apoio (5000 ptas)

Por iso que imos vento en popa aínda que as velas non sexan moita cousa.


Urxe, sempre urxe, aumenta-las subscricións.

¡Ánimo e gracias!



"MAR LIMPO" é unha plataforma de colectivos e asociacións da Coruña que están a urxi-la limpeza da costa e a sensibiliza-la poboación para que reivindi-

que unha meirande seguridade pró noso medio. Mesmo están a presentarse nos xuízos coma acusación contra os que atentan contra a saúde pública e a ecoloxía... Un dos temas máis quentes a debater pola sociedade da Coruña é a ubicación da refinaría e outras industrias que seguen a ser un risco moi grande prá poboación.



ENTRE OS CENTENARIOS e outras conmemoracións deste novo ano, hoxe imos salienta-los oitocentos anos do nacemento de Santa Clara de Asís, xa que as súas monxas tiveron e teñen o seu influxo en Galicia.


As Clarisas de Ribadeo, coñecidas pola súa repostería, e agora tamén polos libros que as máis novas están a publicar: "Cómo ligar con Deus"... Nestes meses publicaron o segundo libro. As Clarisas de Monforte, co seu importante Museo de Arte Sacra; as da Coruña na fermosa Praza das Bárbaras; as de Compostela na antiga entrada da cidade... Na foto un plano do Ribadeo da Idade Media, onde no século XIV había Igrexas adicadas ós dous santos de Asís: Francisco e Clara.



A COTA LEITEIRA SEGUIRÁ A REDUCIRSE, neste ano 9,8%: cento sesenta e dúas mil cincocentas toneladas menos..., mentres que a produción estimada é dun millón seiscentas cincuenta e dúas mil toneladas. Dende a CE e Madrid ameazan con multas ós que se excedan na produción fixada. Sobran patacas, sobra leite..., e as leiteiras de fóra miran de reollo ó noso leite matinando en instalarse aquí.

O CRECEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA

é máis baixo cá media de todo o Estado. En concreto, Ourense e Lugo teñen un PIB (Producto Interior Bruto) dun oitenta por cento menos cá devandita media. Máis de cento oitenta mil parados (o case dezaseis por cento da poboación activa), sen contar coa economía sumerxida, prognostican un 1993 aínda máis negro. Un ano conflictivo, xa que as posturas de patronais e sindicatos están máis distantes ca nunca debido á crise moito máis forte ca en anos anteriores.



OS MARIÑEROS seguen a sufrir treboadas no mar e nas condicións do seu traballo; mesmo nestes días os do sector de arrastre protestan polas cacicadas dos armadores que queren sometelos creando eles un sindicato, elixindo a dedo ós delegados dos barcos.



COMPOSTELA 93 E XACOBEO 93 rivalizan en atafegarnos con actividades, mais a meirande parte delas sen contar cos verdadeiros creadores da nosa comunidade. A tensión provocada polo Camiño entre Xunta, concello da Cultura Galega, e varios concellos, vai repetirse pola falta dunha política cultural dende o pobo e non dende os despachos, coma se o máis importante fose atoparnos a todos coa publicidade do Xacobeo e mil actos máis.

O Demo non descansa

De todos é sabido que unha das formas nas que máis adoitou o demo sempre aparecérenos para expandi-lo pecado polo mundo foi, -hai quen pensa que aínda o é-, a de muller.

Sen embargo, e á vista dos telexornais cos que a TVE nos abre os ollos ó mundo tódolos días, eu dou en pensar que Lucifer (que sempre foi amigo da ciencia e seguramente ten no inferno un Departamento de Investigación importante) achou outro xeito de nos amolar milleiros de veces máis destructivo có xa falado: o nacionalista.

O nacionalista é un perigoso ser ante o que todos debemos estar sempre vixilantes. Non importa se o conflito é de andar a paos ou a berros, se é un problema de terras ou relixioso; o nacionalismo sempre anda polo medio.

El é o responsable das tensións na ex-URSS e de que non dean saído do subdesenvolvemento.

El é culpable, sen entrar en máis profundidades, do problema da ex-Iugoslavia. El o causante das mortes na India por conflitos relixiosos.


El o que dá lugar á fame en África (alí inda por riba os nacionalistas viven en tribos, máximo expoñente do atraso desde un punto de vista europeo, que é o noso e polo tanto o Verdadeiro).

E non nos confundamos: non é que nalgúns sitios os provocadores de inxustizas sexan nacionalistas, é que por ser nacionalistas son malos, radicais e cheiran a xofre.

Cada vez que vexo un telexornal na TVE, (da TVG falamos outro día), non podo evitar que un salaio de tristura me saia do máis profundo, coma chorando: ¡canto mellor iría o mundo se non existisémolos nacionalistas!

Manolo G. Turnes

Máis leite, por caridade



Por SUSO DE TORO

É sabido de calquera que cando o Goberno negociou a entrada na CEE descoidou completamente os intereses galegos, tamén no que respecta á gandería.

Despois do esforzo feito polo agro galego para erguer explotacións familiares e cooperativas modernas, a finais da década pasada e principios desta, por diante só hai un horizonte de dificultades.

¿Irá a pique este campo galego modernizado e empezará outra nova fase de emigración masiva a Europa?

É un perigo real.

Mais se considerámo-los miles de nenos e adultos que morren de desnutrición a diario no mundo, poderemos te-la esperanza de que na eliminación desa inxustiza estea a solución ó problema do noso campo.

Europa, e o resto do Primeiro Mundo, non vai poder seguir de costas ó drama do Terceiro Mundo, non só por solidariedade, senón por pura conveniencia.

Se África non sae da penuria, Europa encherase de africanos.

É monstruosamente inxusto, e errado politicamente, destruír alimentos ou cerra-la billa da produción leiteira.

Tódalas reservas de leite en po de Europa e todo o que deamos producido fai falta para o Terceiro Mundo.

Máis leite, por caridade.

Desde Nicaragua, con dolor

Chegounos estes días pasados un Boletín Informativo de Nicaragua, no que se fai un repaso bastante detallado de diferentes situacións que no momento presente está a vivir aquel país centroamericano. Ofrecemos un resumo desas situacións, poñendo niso un esforzo de solidariedade que seguramente terá que medrar máis e máis.

Profundización da crise económica

O goberno de Violeta Barrios Chamorro prometera un despegue económico para o 1992. Non foi tal; estanse sufrindo niveis de pobreza e de desemprego sen precedentes.

O éxito no control da gran inflación que azoutou o país durante anos, foi acadado a custa dunha fonda marcha atrás económica. As consecuencias das políticas gubernamentais foron desastrosas: o desemprego afecta ó redor de dous tercios da poboación economicamente activa; as restriccións do crédito e a liberalización das importacións afectaron duramente á produción agropecuaria e industrial; os servizos sociais ás maiorías populares foron sacrificados para trasladalo gasto corrente ó sector da inversión pública.

Suspensión da axuda norteamericana

Desde mediados do ano 1992 Estados Unidos suspendeu a axuda que prometera a Nicaragua. ¿Razóns? Di que o goberno de Violeta Chamorro compadrea coa Fronte Sandinista, e que é moi tolerante ante as forzas populares. Membros da extrema dereita de Nicaragua apoian esta actitude.

Para reanuda-la axuda, os Estados Unidos esixen:

a) a devolución de empresas e propiedades confiscadas pola revolución ós seus antigos donos, ou ben, o traspaso a investimentos privados.

b) a destitución de oficiais sandinistas de alto rango que aínda permanecen no exército e na policía.

c) unha reestructuración do Poder Xudicial que incline a balanza da xustiza para o lado da ultradereita.

O candente conflito pola propiedade

É este un dos principais enfronta-



Seica dona Violeta ten abonda boa vontade, pero péchanlle o paso as malas compañías: tanto a dereita brava do seu país coma a hipoteca con Estados Unidos. En Nicaragua hai nostalgia do sandinismo.

mentos entre as forzas do gran capital e o pobo traballador. A loita pola propiedade desenvólvese ó redor da privatización de centos de empresas herdadas pola revolución para o actual goberno, e ó redor de miles de propiedades entregadas ó pobo no pasado, a través das reformas agraria e urbana do sandinismo.

Os labregos e os poboadores urbanos beneficiados con parcelas, lotes e vivendas, loitan a carón dos traballadores da industria por non se ver despoixados das súas propiedades.

Esta loita pola propiedade reflexa a contradicción de fondo que confronta á sociedade nicaraguano: dun lado, os esforzos dos Estados Unidos e do capital local por volver atrás as transformacións económico-sociais da revolución; do outro, a loita dos sectores populares pola defensa das súas conquistas e por manter en serio a democratización económica de Nicaragua.

Crise no parlamento nicaraguano

A Asamblea Nacional nicaraguense, o parlamento, sofre nestes momentos unha grave crise. O seu presidente, Alfre-

do César, capitalista amigo dos Estados Unidos, aproveitou unha sesión na que non había o número de parlamentarios demandados pola lei para nomear dous achegados seus coma novos secretarios da directiva parlamentaria.

Esa sesión do 2 de setembro foi impugnada e levada ós tribunais por un elevado número de deputados. O Tribunal de Apelacións determinou anular aquela sesión, pero Alfredo César negouse a acata-la orde recibida e púxose nunha situación de clara rebeldía.

Actualmente a Asamblea Nacional fai as sesións ilegalmente, sen a presenza de máis da metade dos deputados.

Aumento dos impostos

Con asombro e indignación recibiu o pobo o anuncio do aumento do Imposto Xeral de Vendas (IXV), decretado polo goberno nos primeiros días de outubro. Aumenta dun 10 a un 15% e estende a súa aplicación a outros produtos e servizos antes exentos, tales coma a educación privada, libros e materiais educativos, medios de comunicación escritos, medicamentos e servizos profesionais de médicos, avogados, economistas, etc.

Estase dando unha protesta masiva. A xente pregunta: ¿Por que non se aumentan os impostos a produtos de consumo de luxo, tales coma o whisky, que a penas ten un 20%, e en cambio se grava cun 15% a saúde, a educación, a información e a cultura?

Epidemia do cólera dezmando a poboación

Axudado pola incapacidade e inoperancia do Ministerio de Saúde, o cólera asentou en Nicaragua e continúa dezmando a súa poboación; afecta, claro, ós sectores máis empobrecidos da cidade e do campo. Máis de 25 persoas morreron xa, e máis de dúas mil están infectados por este virus mortal. A epidemia fíxose forte nas zonas rurais, protexida polo nivel de pobreza e pola falta das máis elementais condicións de hixiene.

Resumo do "Boletín Informativo" de Nicaragua, 1, outubro, 1992.

(Vai sen firma por medo a represalias)

Estamos en Ano Santo. Nos últimos tempos, e xa antes da invención do Pelegrín, o Camiño de Santiago comezou a recupera-la importancia e a capacidade de atracción que perdera había moitos séculos. ¿Por que nunhas sociedades coma as europeas occidentais -apachorradadas, secularizadas, materialistas...- rexorden as peregrinacións?

Eva Mouriño, estudante de quinto de filosofía na Universidade de Santiago, traballa na súa tesina sobre os peregrinos que nos nosos días chegan á Cidade do Apóstolo, as súas motivacións e as súas experiencias. Ofreceuse a compartir connosco as primeiras conclusións do seu estudio no que reflicte o testemuño de tantos camiñantes.

Santiago é diferente

-¿En qué consiste o teu traballo?

En ve-lo sentido que pode ter hoxe a peregrinación a Santiago. Iso lévame a



Un longo camiñar, moitas dificultades e non sempre o vento a favor...

estudia-los universos simbólicos -por isto enténdese as ideas- desde as que os peregrinos interpretan a súa experiencia. O Camiño é un mundo material coas súas igrexas, as pedras que se pisan, os albergues... pero coma toda vivencia humana, a peregrinación implica, ademais, un mundo de ideas desde a que se entende toda a experiencia. Polo tanto, dependendo das visións do propio protagonista, atopamos un tipo de peregrino ou outro. Existe o Camiño configurado historicamente coma realidade obxectiva, material, pero nesa realidade e gracias a ela, danse múltiples experiencias e non unha única. Eu creo que de aí nacen as diferencias que a peregrinación a Santiago ten con outras peregrinacións.

-¿Cales son esas diferencias?

A Lourdes ou a Fátima a xente vai desde os seus lugares de orixe e faino por unha estrada calquera, a que o leve aló máis directamente. O que interesa é o centro de peregrinación ó que cadaquén se



dirixe por uns motivos determinados, como pedir unha curación ou pagar un favor recibido. Os peregrinos a Compostela non buscan milagres, pois adoitan ser persoas novas e con saúde. A diferenza do que sucedeu no pasado, o feito de que na catedral se atopen as reliquias do Apóstolo non é moi importante, nin sequera para os grupos cristiáns. Por outra parte, se alguén de Vigo, por exemplo, quere peregrinar a Santiago non o fai desde a súa cidade, senón que se pon en Roncesvalles ou noutro punto do que se considera o auténtico Camiño, e desde alí comeza a andar. A peregrinación a Compostela é distinta: o primeiro que se escolle non é a meta, senón a experiencia do peregrinar. Santiago coincide con ser esa meta, pero podería non selo.

Peregrinos e peregrinos

-¿Como clasificas tí ós diferentes tipos de peregrinos que veñen a Santiago?

Non hai sempre tipos puros de peregrino. Eu fago unha clasificación xeral segundo as intencións ou as interpretacións, pero na realidade dáse moitas veces mestura dunhas e outras.



Distingo un primeiro tipo que é, quizais, o menos peregrino. Fai a viaxe nun grupo grande, acompañado dos seus amigos, visita monumentos... en realidade non ten demasiado interese cultural, senón que máis ben percorre o Camiño por facer algo que ten fama.

Dentro deste mesmo nivel hai peregrinos cunha intención un pouco máis profunda: queren ver arte, interésanse pola cultura dos sitios que percorren, polo fenómeno do Camiño etc.

-¿Hai tamén hoxe xente que peregrine por razóns espirituais?

Hai. De entre eles eu distingo os que veñen en grupos grandes e os que veñen sós.

Os primeiros adoitan pertencer a organizacións cristiás e traen xa construído o senso do Camiño desde o comezo: saben por que fan a peregrinación, saben o que significa Santiago... Normalmente, ó longo de todo o percorrido, reforzan o sentido co que parten: teñen exercicios xuntos, comunican experiencias...

-¿En que se diferencian dos peregrinos que camiñan sós?

Polo xeral estes parten sen sentido, non saben ben por que peregrinan. Saben, si, que lles apetecía, que hai algo no Camiño que os atrae... pero non o que significa realmente para eles.

Neste grupo ás veces hai cristiáns, pero normalmente son xente que non se declara pertencente a ningún tipo de relixión. Ó mellor si que confesa estar á procura de algo, chámanse a si mesmos buscadores: buscan o senso da vida, o papel do home na historia... Van facendo ó mesmo tempo o Camiño e o seu sentido.

Cando falo de peregrinos que van sós, refírome a que parten sós. Eles esperan atopar no seu camiño xente coa que comunicarse. Eu case diría que hai unha maior comunicación canto máis se intensifique, paralelamente, a soidade.

A importancia da pobreza

-¿Como viven os peregrinos durante o seu camiño?

A miúdo van cos emblemas do peregrino: co bastón ou bordón, coa cuncha... Normalmente levan poucos cartos. Tentan durmir en refuxios e non en hoteis, tampouco van a restaurantes, mesmo se son xente de diñeiro na súa vida cotiá. En xeral, viven alén da sociedade.

-Polo que vexo, é fundamental a pobreza.

É. Canto máis peregrinos se senten menos cartos levan. Teño atopado xente que viaxa sen ningún diñeiro, que vive dos demais.

Aprecian a pobreza para apreciar valores humanos coma a solidariedade, a humildade, a comunicación cos outros...

-Esta pobreza voluntaria ¿está relacionada co intento de levar unha vida á parte da sociedade, como antes dicías?

Si. Un autor chamado Víctor Turner estudiou a peregrinación coma ruptura co mundo social. Este mundo está estruturado, nel cadaquén ten o seu papel. Na peregrinación dáse un cambio ou, mellor dito, unha ausencia de estruturas: non hai pobres e ricos, homes e mulleres, alemáns e irlandeses... todos son un, todos son seres humanos. Bórranse as diferencias, pero non só entre os homes, senón tamén coa natureza. O espírito de pobreza é vivido moitas veces coma unha identificación coa natureza.

O peregrino anda, sente, pensa... estes son actos humanos para os que non necesita instrumento social ningún (nin cartos, nin coche, nin restaurantes...) polo



Experimental-la soidade e afondar no propio pozo constitúe unha gran riqueza. Dar consigo mesma, velaí un descubrimento que pode proporcionar-lo camiño.

que pode quedar cos instrumentos propiamente naturais: a súa mente, os seus pés... Os peregrinos insisten moito nas forzas que son necesarias para face-la peregrinación, na capacidade de superación dun mesmo. Isto vívese en moitos casos como unha potenciación da natureza que o home leva dentro. O sufrimento da peregrinación, que antigamente significaba penitencia, hoxe significa a identificación coa natureza.

Historia e natureza

-¿A que se debe o aumento de peregrinos a Compostela nos últimos anos?

Na miña opinión, ó tipo de sociedade na que vivimos. Nela dáse ó mesmo tempo

Segue na páxina 10

☞ Ven da páxina 9

un abandono da natureza e unha sacralización dela que se manifesta na importancia do ecoloxismo, no culto ó corpo e mesmo na publicidade, onde se nos amosa o natural coma o verdadeiro, o san, o bo... Isto fai que a natureza se viva coma algo espectacular.

Este tipo de peregrinos que chamamos *buscadores*, normalmente repensan toda a súa vida, queren algo novo, amósanse disconformes co sistema no que se moven... e atopan na natureza e na historia un lugar seguro no que descubren a resposta ó que buscan.

-¿Por que se relacionan historia e natureza?

Para estes camiñantes o regreso ó pasado supón unha naturalización progresiva da humanidade. Na historia ven, dependendo dos peregrinos, a obra de Deus esquecida no mundo moderno, o ideal de vida que queren para o futuro... diferentes cousas, pero sempre hai un culto á natureza, e á historia entendida en termos naturais.

-¿Que pensan os peregrinos de todo isto do Xacobeo 93?

A importancia que na súa experiencia ten a natureza e o alonxamento da sociedade, crea moitas veces rechazo a toda a propaganda e infraestrutura que se está montando. Iso para eles é unha peregrinación artificial, preparada desde o sillón dun despacho. Saben tamén que hai intereses económicos que van traer consecuencias negativas: telo todo ben, seguro, limpo, cunha estrada ancha e un albergue a punto... iso é turismo, non peregrinación, porque non permite o sufrimento necesario como para que se dea unha comunión cos outros peregrinos, coa natureza, coa historia... Se todo é doado non se experimenta, por exemplo, o moito que o home necesita da axuda dos demais.

-¿Como é a relación dos peregrinos coa xente dos lugares polos que pasan?

Normalmente esa solidariedade que buscan atópana nos pobos pequenos e aldeas, onde parece que non pasou o tempo, que todo é máis natural... Viven moi profundamente as experiencias des-



E, o final, a meta, un signo da victoria que resulta efémero, como todo o humano. Ó día seguinte, un novo camiño nos desafia. O que importa é o camiño e, xa se sabe, faise camiño ó andar.

tes sitios: algúns contan entusiasmados que tiveron que pedir e que unha paisana do lugar lles deu unha mazá ou un vaso de leite. Insisten na comida que se lles ofrece porque é algo natural, non son caros, nada rompe coa vida de pobreza e de comunión coa natureza que levan.

Pola contra, case todos din que ó chegar ás cidades experimentan algo así coma se o Camiño desaparecese de súpeto, e senten a necesidade de saír correndo para volver a peregrinar. Nas cidades volven a atopala sociedade da que estaban fuxindo.

A meta

-Neste sentido Santiago, que se supón que é meta e motivo de ledicia, ¿non resulta tamén, por ser unha cidade, algo decepcionante?

Si, claro. Eu creo que o maior sentimento de ledicia, de chegada, se dá no Monte do Gozo, cando poden mirar Santiago desde o alto. Sen embargo, ó entrar na cidade, ven o que esta significa, ven que deben volver ós seus lugares de

orixe, que deixan de ser peregrinos e que se teñen que meter outra vez na vida social.

-¿Que senten os peregrinos tras finaliza-lo Camiño?

O peregrino normalmente atopa unha nova orientación da súa vida. Hai persoas con problemas que saíron da casa a propósito para reflexionar.

Hai tamén persoas que, sen buscaren en principio esa reorientación da súa vida, dan con ela ó final do Camiño. Algúns, ó mellor, saíron coa bicicleta a facer deporte e ó chegar a Santiago, despois de toda a experiencia da peregrinación, senten que iso os fixo cambiar, que algo sucedeu neles.

O peregrino parte cunhas ideas previas e á luz delas vai lendo a súa experiencia de peregrinación, pero tamén vai cambiando esas ideas segundo teña unhas vivencias ou outras.

-Ó final, ¿que experiencias lembranos peregrinos coma as máis importantes do Camiño?

Moitos deles, o paso polo Cebreiro onde atopan a natureza pura e o regreso ó pasado. Mencionan o feito de durmir nas pallozas coma unha das vivencias fundamentais da peregrinación.

A chegada a Galicia é moi importante porque se dá un cambio brusco con respecto á paisaxe de Castela. Moitos peregrinos ven tamén na paisaxe un símbolo. A natureza dos Pirineos, de onde parten, significa o nacemento, a vida... A paisaxe seca de Castela é para moitos a pobreza, a morte... A chegada a Galicia significa a resurrección, o volver a nacer, o reatoparse con eles mesmos.

Cando os peregrinos van andando ven marchar cara atrás a paisaxe que vai quedando. Para eles isto significa que todo camiña, todo se vai, todo pasa: os seus pensamentos, as súas vivencias do pasado... Igual que na vida.

A metáfora, tantas veces repetida, de que a vida é un camiño, segue presente para os peregrinos que chegan a Santiago.

Beatriz García Turnes.

O día que o Deportivo lle gañou Barça

A rapaza estaba léndolle a carta á súa amiga.

Era do mozo, mariñeiro nun conxelador que andaba polos mares chilenos, un ano lonxe. Contaba a “queimante” vida diaria, dura e sen sorpresas, e deixaba escapar algún xemido que por veces collía forma de maldicións...

...“neste mundo pechado e pequeno de dezasete tíos, con algún compañeiro cabrón que dan ganas de asasinalo, e un contramestre que parece un poli, con xornadas de traballo de dezaioito horas diarias, neste clima ó revés, calquera nova que me chega de aí alimenta o meu espírito días enteiros. Teño tempo de madicir millóns de veces o día en que me decidín a meterme escravo neste cár-

cere, que foi cando o Deportivo lle gañou ó Barça en Riazor e galeaba entre os grandes, e a todos nos facía sentirnos supermachos, máis co Arnold Schwarzenegger ese, e a min tódalas dificultades me parecían pequenas, e maldigo o día que me deu a toleada de meterme á compra do piso e de firmar esas letras que me atan a este barco, e, o que é peor, que me separan de ti, da túa ollada, dos teus bicos... Soño diario contigo...”

—Pobre Castor, di a amiga, leva unha vida doente

—Si, pobre, pero pensa en min, di a moza.

—Es unha tía egoísta. Consólaste porque podes poñer un parche na súa desgracia. Así che son sempre as alegrías humanas: están podres, porque

polo dereito ou polo revés aliméntanse das mágoas alleas.

—Si, pero confía en min... di a moza medio ausente e soñadora.

—O que eu che digo. A túa felicidade é perversa. Para ti sorrir e medrares ten el que pasar pola pedra. Esta vida é un noxo, nunca hai mel sen aguillón, nin alegría sen egoísmo.

—Pero é un mel tan gustoso...

—É tan egoísta... volve calca-la amiga.


—¿Como pode ser egoísta que el confíe en min? ¡Agradézolle tanto ese regalo! dille a moza que seguía parecendo ausente.

X.A.M.D.

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



O valor de un máis



“Dime o peso dunha folerpa de neve”
 —preguntou o carrizo ó pombo.
 “Nada, nin chisco” —foi a resposta.
 “Se é tal, déboche contar unha historia marabillosa”
 —dixo o carrizo.
 “Pouseime na póla dun abeto, preto do tronco,
 e deu en neviscar moi mainiño, coma nun soño,
 sen violencia ningunha.
 Como non tiña máis que facer,
 fun contando as folerpas que o ceo deitaba sobre a miña póla.
 O número exacto foi de 3.741.952.
 E cando caeu a seguinte folerpiña —nada de peso, nin chisco como dis—,
 e póla esgazou”
 E dito esto o carrizo voou lonxe.
 O pombo, unha autoridade na materia dende os tempos de Noé,
 púxose a cavilar;
 e pasados uns minutos díxose:
 “Quizais tan só cómpre a colaboración dunha persoa máis
 para que a solidariedade se abra camiño no mundo”.

KURT KAUTER.

O triunfo do soñador (Xén 41)



Hoxe, a interpretación dos soños corre por conta dun novo tipo de "magos": os médicos psicanalistas que nos axudan a ve-lo que se encerra nesa "linguaxe esquecida" que é o noso extraño e incompreensible mundo onírico.

contalo". ¹⁶Xosé respondeulle ó faraón: "Eu non; mais Deus ten a resposta, para ben do faraón" (2)

Xosé aparece aquí non coma un experto en oniromancia ou profesional na interpretación dos soños, senón coma un sabio inspirado por Deus que desentraña os soños. O elohista ten interese en desfacer toda suposición de que a ciencia exipcia valla para algo en comparanza coa de Xosé.

¹⁷O faraón contoulle a Xosé: "Soñei que me atopaba na ribeira do río. ¹⁸Del subían sete vacas cebadas e ben feitas, e pacían nos xuncos. ¹⁹Despois delas subían outras sete vacas ensumidas, moi feas e tan secas coma endexamais se viran en todo Exipto. ²⁰As vacas fracas ensumidas devoraban as sete cebadas. ²¹Mais despois de comelas, non daban mostras de máis fartas; tiñan tan mal aspecto coma antes. E espertei".

Como os soños van de dous en dous, velaquí o segundo:

²² "Volvíñ soñar, e vin sete espigas saíndo dun só pé, graúdas e boas. ²³Despois delas agromaban outras sete, febles, miúdas e agostadas. ²⁴As espigas miúdas devoraban as espigas boas. Contéillelo ós meus magos, e ningún me deu explicación".

Aparece aquí un discurso de Xosé, exemplo da meta que a educación procuraba prós altos personaxes na época real de Israel: saber falar en público e dar consello.

²⁵Xosé díxolle ó faraón: "Os soños do faraón son todos un. Deus revélalle ó faraón o que está pra facer. ²⁶As sete vacas boas e as sete espigas boas son sete anos. As dúas cousas son un só soño. ²⁷As sete vacas esgotadas e feas que soben detrás delas, e as sete espigas miúdas e murchas son sete anos de fame [...] ²⁹Van vir sete anos de moita fartura en todo o país de Exipto. ³⁰Pero detrás deles virán sete anos de fame...

O discurso parece determinado fatalmente, pero a idea de predestinación -teoloxicamente inaceptable-, vén remediada por un rexo chamamento á acción. Ei-lo consello:

³³Agora que o faraón busque un home intelixente e asisado e que o poña á fronte de Exipto [...] ²⁵Que se recollan víveres nos anos bos que veñen, e que, baixo a autoridade do faraón, entullen trigo para comer e o garden nas cidades. (3)

No cárcere, o prestixio de Xosé medra e o antigo soñador convértese en intérprete de soños, pra ben ou pra mal do soñador de turno. Tamén o faraón tivo dous soños -sempre eles van en parella, e alguén lembrou que Xosé lle dera no seu tempo interpretación (cómpre a lectura do capítulo 40) (1)

¹⁴O faraón mandou chamar a Xosé. **Sacárono do alxube, afeitouse, cambiou de roupa e presentouse ó faraón.** ¹⁵O faraón díxolle: "Tiven un soño, e non hai quen o interprete. Oín dicir que ti interpretas un soño en oíndo

1. Se o capítulo 39 era iavista, os 40, 41, 42 serán enteiramente elohistas, é dicir, elaborados dous séculos despois. A importancia que este autor -a fonte Elle dá ós soños é grande. Hoxe sabemos que existe o que Erich Fromm chama a *linguaxe esquecida* que, nos soños, xorde dende o noso inconsciente e que nos fai dicir aquilo que non coñecemos cando estamos espertos e tampouco nos atreveríamos. Mentres que os *magos* de Antigüidade referían os soños ó futuro, hoxe os nosos psicólogos intérpretanos coma vivencias e sensacións do pasado, reprimidas, que levan vida inconsciente e que afloran, afortunadamente para nosa saúde psíquica, nos soños.

2. O faraón, neses casos, acudía ós especialistas que se formaban na Casa da Vida, que dependía do palacio do rei, onde recibían unha educación superior os escribas. O estudo dos libros de maxia e a técnica de interpretación onírica ou dos soños era a súa especialidade.

3. O psicólogo Erich Fromm, falando deste soño do faraón, di que quen sabe se o faraón non percibía que a colleita ía ser cativa e foi durante o soño cando "o viu" con máis claridade. Moitas veces, cando temos un problema de difícil solución, dicimos que o imos consultar coa almofada, e ó día seguinte todo pode estar máis claro, porque o inconsciente traballou mentres o "eu" consciente estaba ensumido no sono. Por iso os entendidos en parapsicoloxía falan da función prospectiva ou adiviñadora dos soños.

Patacas a peso

Xinzo de Limia, outro síntoma dun europeísmo que se nos atraganta.

Ninguén pensaba que as patacas desen tanto que falar.

Coñezamos algo unha terra

Xinzo de Limia é unha das tres principais comarcas que en Galicia teñen un importante cultivo da pataca; as outras dúas son a zona de Carballo, na Coruña, e a zona de Vilalba, en Lugo. Das tres zonas Xinzo de Limia é, sen dúbida, a máis significativa no cultivo da pataca. Vexámolo, senón, nalgúns datos.

A comarca do Limia está formada por 14 concellos, dos que o de Xinzo é a cabeceira. O redor de 30.000 habitantes viven na zona. Ó Limia é o río que lle dá nome e augas á comarca; esténdese esta por un amplo val rodeado de montañas por tódolos lados; na cunca deste val estivo ata hai poucos anos a famosa lagoa de Antela, que a técnica moderna deu eliminado, convertendo o seu espacio en amplos e productivos campos.

Case tódolos concellos da comarca levaron a cabo a concentración parcelaria, ou están en proceso cara a iso.

A pataca, produto comarcal

Todo isto deu pé a que desde hai máis ou menos vinte anos a produción da pataca se fose convertendo no cultivo exclusivo da comarca; practicamente non hai facenda, non hai gando. Os produtores máis humildes poden vender 50.000 quilos de pataca ó ano, pero a colleita dunha explotación normal anda ó redor dos 100.000 kgs, hai produtores de 400.000 kgs. por colleita, e incluso hai algún que chega ó millón de kgs. por colleita e ano.

Hai que dicir tamén que o nivel de mecanización no cultivo da pataca é bastante alto, desde logo o máis alto de toda Galicia.

A pataca que se cultiva é a *Kennebec*, porque é a única marca aceptada pola normativa cara a constituírse en produto galego de calidade.



Moita produción e escasa organización corporativa, cooperativista.

Esta explotación productiva podería facer pensar que paralelamente se deu unha importante conciencia organizativa, cooperativista; pois non foi así.

Na década dos setenta, o sindicato agrario SAGA tivo unha forte presenza na comarca; pero aquilo foi morrendo, e ata o momento presente non houbo sinais de ningunha vitalidade sindical. E o que pasou no eido sindical, pasou tamén no eido cooperativo. A cooperativa *Vincallo*, que promoveu intelixentemente o crego Miguel Fernández Grande desde o ano 80, é case o único elemento organizativo serio. De ámbito parroquial, Parada de Outeiro, de non moito produción de pataca, a cooperativa non tivo especial significación no mundo da produción e da comercialización da pataca; sen embargo si que foi e segue a ser unha referencia interesante para tódolos labregos da comarca que hoxe botan en falta experiencias semellantes. A súa presenza é un reclamo e unha semente chamada a dar froitos.

A partir do ano 82 iniciouse a creación dunha cooperativa, *Limión*, que chegou a ter 300 socios de toda a Limia.

Nacera con vontade de oposición a certo comerciante acaparador da comarca. A cooperativa fracasou e, coma resultado, a xente quedou algo fría cara a calquera nova experiencia semellante.

Dentro do mundo organizativo cabe destaca-la presenza dun consello rector en orde a conseguir que a pataca do Limia pase a ser considerada coma "produto galego de calidade"; no momento presente estase facendo o listado de produtores e envasadores. Consegir esta denominación parece un paso necesario para un lanzamento racional do produto no mercado.

A explosión dunha crise

Esta era -é-, a situación dos labregos do Limia e das súas famosas patacas. E nesta situación salta o problema. Ó comezo da campaña da pataca esta percibe uns prezos de venda realmente irrisorios: 5, 6, 7 pts. kg, tal é o prezo actual fronte ás 23, 24, 25 pts. da tempada pasada. ¿Que pasou?

Ninguén sabe dar unha razón convincente do porqué desta situación ante o mercado da pataca. Velaquí algunhas das que se comentan:

-A entrada de pataca estranxeira, de países do Mercado Común.

-A colleita deste ano foi boa; ante a boa venda da pataca en anos anteriores, a xente botouse a producir; con todo non parece que esto fose moi determinante. Para facerse unha idea da produción, calcúlase que na actualidade hai almacenados, pendentes de venda, uns 75 millóns de quilos de pataca.

-A coincidencia de dúas colleitas. Demorouse, polo mal tempo, a colleita primeiriza do Sur; isto afectoulle á colleita intermedia de Castela, e ámbalas dúas desprazaron o problema cara á colleita do norte, a máis serodia.

Posiblemente estas circunstancias conxunturais estean sendo a voz de alarma dunha situación máis complexa de fondo, que o problema deste ano fará saír á superficie, analizar e remediar, se hai forza e vontade para facelo.

As solucións que se demandan

O Sindicato Labrego Galego é o sindicato que está traballando con forza en defensa dos agricultores do Limia. Unións Agrarias optou por promover a venda directa da pataca nos mercados de Ourense coma solución, pero iso non representa ningunha solución realmente efectiva. *Xoves Agricultores* practicamente non existe na zona.

¿Cales son os puntos que permitirían unha saída real da situación?

O goberno central dictou varias normas de protección ós labregos produtores de pataca, pero as súas medidas non se poden aplicar aquí, fundamentalmente porque esixen que se opere con agrupacións de labregos: SAT, Cooperativa..., e non con labregos soltos. Estas medidas consistían na subvención dunha peseta por quilo e mes de almacenamento, durante tres meses, e na concesión dun préstamo de 10 pts. kg. ó 7% con algunhas condicións determinadas.

Os labregos da Limia centran as súas demandas en dous capítulos; un deles, inmediato, sería a concesión dunha subvención de 5 pts. kg. para poder facer fronte a custos de produción e para poder encararse cos gastos da próxima tempada; o outro capítulo, máis a medio prazo, fala dunha política agraria máis seria por parte dos gobernos, tando do da Xunta coma do central. Pasa coma co leite: durante anos estívoase empuxando ós labregos a unha dedicación exclusiva

á pataca, e a unha custosa mecanización para mellora-la produción en calidade e en cantidade; e agora que esta se dá, resulta que non hai onde coloca-lo produto. ¿Pódese seguir xogando así cos cartos e coas ilusións dos labregos? ¿Quen ten a culpa de todo isto?

Ademais disto, vólvennos falar da diversificación de produción, abríndoa a outros produtos coma o millo.

E está na mente de todos que un bo produto é un recurso competitivo imprescindible nestes tempos. A denominación de "produto galego de calidade", que se está traballando, pode ser un bo paso neste senso.

As grandes carencias comúns do agro galego

A situación presente puxo ó descuberto problemas serios relativos a todo o campo galego, calquera que sexa a súa orientación productiva.

A pequena presenza sindical, o que impide un descubrimento e análise dos problemas a tempo, e unhas accións precisas e contundentes.

A pequena realidade organizativa, cooperativista. É incomprendible que en zonas de produción tan especializada o que triunfe sexa o comerciante que lles leva ós labregos os bos excedentes dos seus produtos. E non se aprende.

A ausencia, como xa dixemos, de planificacións agrarias serias, ben estudadas, con perspectivas de futuro, que non estean xogando coa xa non moi forte iniciativa do labrego.

A primacía dos intereses de partido dos mandatarios locais sobre os intereses reais da poboación.

A descompensación entre a situación da agricultura galega e a doutros países comunitarios. Loxicamente, cando se está a traballar cunha tecnoloxía moi semellante, o feito de que agricultores franceses dean colocado aquí a pataca a 5 ou 7 pesetas quilo supón un fondo de subvencións agachadas que a agricultura galega debería recibir tamén. Se non, o resultado será a destrución total das nosas explotacións.

Agradecementos

Agradecemoslle ó crego Miguel Fernández Grande a súa colaboración para



elaborar este artigo; agradecemos tamén a colaboración de tódolos labregos pechados aquela mañá de decembro nas dependencias do concello de Xinzo, e en especial agradecemoslle ó presidente da cooperativa "Vincallo", Anxel Morán Santana, os seus abundantes datos sobre o asunto.

Manuel Regal Ledo

Lingua e tradicións (7)

Tradicional oral e verdade científica

A tradición oral é sempre tradición de cultura, aínda que, por veces, chega a nós fragmentada e incomprendible. Coma se fose un retal dunha simple fantasía poética ou máxica.

Pero detrás de cada tradición hai sempre un porqué, un fondo de verdade. Ende non, comprobada a falsidade, non se conservaría durante séculos, como se conservou.

Vouvos contar un caso significativo. Andaba o xeólogo Nespereira Iglesias por terras de Viana do Bolo na procura de estaño e un paisano de Quintela do Pando díxolle que eles tiñan unha fonte que informaba da calidade dos mozos que pretendían casar coas mozas de Quintela. Que os interesados tiñan que levarlle primeiro as súas ferramentas e deixalas unha noite enteira na fonte máxica. Se o mozo era traballador, a fonte cubría as ferramentas de ouro rubio. E, se era un palanquín, indigno da moza, devolvíaaas como llas entregara.

A historia é máxica e parece pura

fantasía. Pero o xeólogo tivera un profesor que lle ensinara que *o parvo dun lugar sabe máis dese lugar que o máis calificado universitario*. Así que foi estudia-la tal fonte.

Levaba, por caso, dous martelos de xeólogo: un o vello e usado, fanado e enferruxado, e outro de aceiro que aínda non destrenara, que lle acababan de mandar dos Estados Unidos. Deixounos alí unha noite. E, cando os foi buscar ó outro día, atopou o vello e usado cuberto por unha pátina irregular de cobre nativo que parecía, por certo, ouro rubio. E o martelo novo estaba inmaculado, como o deixara.

Analizou a auga e era cuprosa. A explicación científica era fácil: a solución de cobre precipitara sobre os óxidos de ferro e os hidróxidos do martelo fanado e enferruxado. Mentres que o novo, de flamante e inmaculado aceiro, non permitira tal precipitación. Como din os vellos, a historia da fonte de Quintela non era historia ningunha, que era certo.

Así que ¡ollo a face-la risa das tradicións, aínda que parezan absurdas, irreais ou ridículas! Sempre hai un fondo de verdade.



A nosa sociedade, competitiva como nunca na historia da humanidade, ten un perigo: Deixar atrás ós que non poden seguir unha carreira que cada día produce máis vertixe.

Cómprenos ser solidarios con aquelas persoas que non poden seguir un ritmo trepidante do que non estamos nada convencidos de que sexa precisamente o mellor.

A existencia de eivados físicos -os minusválidos- constitúe un desafío para esta sociedade *carreirista*, que ten o perigo de, con tanta présa, non dar chegada a ningures.

1. O ano 93 principia con certa furia por culpa dun contencioso de Concello, Xunta e Curia.
2. ¿De quen vai ser este ano? O asunto está feo: A Curia di que é "Ano Santo" e a Xunta, que "Xacobeo".
3. O Alcalde de Santiago entra na lide con gana pois o Concello fornece a infraestrutura urbana.
4. Na Casa do "Pelegrín" de reclamar andan fartos que o Xacobeo é deles, que pra iso poñen cartos.
5. Pero a Curia arcebispaí que se respecte esixe o carácter relixioso pois é a marca de orixe.
6. O pobo asiste, pampo, coma na rapa das bestas, a loita de garañóns que lle vai auga-las festas.
7. Este pobo espectador -se cadaquén vai ó seu- cavilará que este ano é "Ano Santo Xa-comeu".
8. Estévez pon a cidade, e isto é algo moi serio. Portomeñe a propaganda, Rouco Varela o misterio.
9. Sen propaganda da Xunta non virían peregrinos, anque a Xunta despilfarrara cometendo desatinos.
10. A cidade de Santiago goza de todo dereito de aproveitarse, pois terma deste tan grandioso feito.
11. A Xunta, anque se pasa, ten o deber de xusticia de remover ceo e terra pra dar coñecer Galicia.
12. O asunto relixioso é primordial para moitos ¡pois que o sexa e que a árbore se coñeza polos froitos!